

2024/E001/000004

ACTA DE 25 DE XUÑO DE 2024, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE SOCORRISTA, POR CONCURSO, PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE SOBRADO

En Sobrado, a 25 de xuño de 2025, sendo as 09:00 horas, reúnense baixo a presidencia de Mónica Reme-seiro López, empregada pública do Concello de Sobrado, e os seguintes membros integrantes do Tribunal cualificador que se constitúe para valorar por concurso os méritos aportados polos aspirantes para a formación dunha bolsa de emprego de socorrista segundo as bases da convocatoria aprobada pola resolución da alcaldía nº221/2024.

Vogal: Jesús Ramón Varela García, empregado público do Concello de Sobrado.

Secretaria: María Ermitas Sánchez González, funcionaria do Concello de Sobrado.

Dada a presenza tanto da Presidenta, coma da Secretaria, así como dalgún vogal titular do presente Tribunal, considérase cumprido o requisito perceptivo para a súa válida constitución e actuación, polo que ábrese a sesión pola Presidenta.

Declárase constituído o acto e acórdase proceder ó baremo dos méritos aportados polos aspirantes, acordando por unanimidade, outorgar as seguintes puntuacións en base o Anexo II das bases, que se transcribe a continuación:

“ ANEXO II

Baremo de méritos para valorar o concurso de socorrista.

1) Experiencia no mesmo posto, escala ou categoría (máximo 4 puntos):

- Por cada mes completo de traballo 0,1 puntos por mes.

A experiencia profesional acreditarase mediante certificación expedida polo órgano competente da Administración pública correspondente, na que deberá figurar, como mínimo a administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, o posto ou praza desenvolvido, o corpo, escala ou categoría e o cómputo total de días, meses e anos traballados. Tamén poderán acreditarse mediante o contrato laboral acompañado do informe de vida laboral, sobre todo para os casos de contratacións por empresas privadas.

2) Formación (puntuación máxima 3 puntos):

Valoraranse os cursos homologados de formación e capacitación recibidos ou financiados por Administracións Públicas e relacionados coas funcións a desenvolver (non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc, que non sexan cursos). A puntuación efectuarase en función da duración da formación conforme á seguinte escala:

- Cursos de 4 a 10 horas: 0,10 puntos por curso.
- Cursos de 11 a 20 horas: 0,20 puntos por curso.
- Cursos de 21 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
- Cursos de máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

3) Titulación media ou superior (puntuación máxima 1 punto):

Relacionada co posto a desenvolver, distinta da presentada como requisito nesta convocatoria 0,50 puntos.

4) Por antigüidade como demandante de emprego (puntuación máxima 2 puntos):

- Por cada mes completo como demandante de emprego: 0,1 puntos

Acreditación por medio do correspondente informe do Servizo Público de Emprego.”

VALORACIÓN DE MÉRITOS (CONCURSO)

APellidos E NOME	DNI	Experiencia mesmo posto	Formación	Titulación Media/superior	Antigüidade Demandante	TOTAL
Amboage Rial Xoel	***1321**	0,6	-	-	-	0,6
Andrade Budiño Gaspar	***9767**	-	-	-	0,6	0,6

Olmedo Ortega Alejandro	***8342**	-	-	-	-	-
-------------------------	-----------	---	---	---	---	---

Tódolos aspirantes presentaron acreditación do coñecemento do galego, polo que non hai que realizar a proba do coñecemento de galego.

Así, á vista dos resultados o Tribunal propón a Alcaldía a formación da bolsa de emprego na seguinte orde:

BOLSA DE EMPREGO DE SOCORRISTA

APELIDOS E NOME	DNI
Amboage Rial Xoel	***1321**
Andrade Budiño Gaspar	***9767**
Olmedo Ortega Alejandro	***8342**

Non sendo outro o obxecto desta reunión dase por rematado o acto, ordeando a Presidenta que se redacte a presente acta asinada por todos os membros do Tribunal, sendo as 10:15 horas, do que dou fe.

O que se comunica para o seu coñecemento e efectos, significándolle que dacordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a presente, que non pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes ante o órgano superior xerárquico do que o ditou (alcaldía).

Transcorridos tres meses dende a interposición do recurso sen que recaese resolución, poderase entender desestimado o recurso.

Todo iso, sen prexuízo de que poida exercitar outro recurso que estime procedente.

Asinado dixitalmente na marxe.

A Presidenta,	O Vogal,	A Secretaria,
Monica Remeseiro López	Jesús Ramón Varela García	María Ermitas Sánchez González